



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
DO CONCELLO O DÍA CATORCE DE MARZO DO DOUS MIL OITO.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García , D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, , D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. Celestino V. García Paz, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do catorce de marzo do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, e o Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DO DÍA 18 DE XANEIRO DO 2008.**

Polo Sr. Alcalde se pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 18 de xaneiro de 2008, non producíndose ningunha, polo que se aproba por unanimidade.

**2º.- PROPOSTA DE CESIÓN A BEGASA DE CANALIZACIÓN EN
CASTELO-MAGAZOS.**

Polo Sr. Alcalde se indica que no modelo de Convenio hai que corrixir o nome porque o lugar e no Río Pedroso, de Magazos, e engade que é para a estación de bombeo.

Despois de que o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias e o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta se expresen a favor da proposta e de que o Concelleiro de IU-EU, Orlando Expósito Mariño, manifeste que se vai a abster, procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de dezaseis votos a favor (PS de G-PSOE, PP e BNG) e unha abstención (IU-EU), acorda aprobar a proposta de cesión a Begasa de canalización do Río Pedroso, en Magazos.



Dar traslado do presente acordo a BEGASA, así como aos departamentos de Inventario Municipal de Bens e Obras e Urbanismo.

3º.- PROPOSTA DE “AQUAGEST, S. A.”, SOBRE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO.

Polo Sr. Alcalde se indica que se propón deixar o asunto sobre a Mesa para unha próxima sesión ao obxecto de concretar a proposta.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda, de conformidade co disposto no artigo 92.1 de ROF, deixa-lo asunto sobre a Mesa, aprazando a súa discusión para unha próxima sesión.

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS SUBVENCIONS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.

Intervén o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí que considera que é unha proposta necesaria para modificar determinados aspectos que facilitan a tramitación destas subvencións e que en determinados puntos as modificacións son por indicación do Sr. Interventor.

A seguir, maniféstanse conformes coa proposta o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias e os Concelleiros do BNG e IU-EU, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño e, indicando este último, que espera que se remate co problema que plantexaba a demora no pagamento das axudas.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza reguladora das subvencións na área de rehabilitación do casco histórico de Viveiro que transcrita, literalmente, dí:

ORDENANZA REGULADORA DAS SUBVENCIONS A ACTUACIONES URBANISTICAS NA AREA DE REHABILITACION DO CASCO HISTORICO DE VIVEIRO

**CAPÍTULO I
DISPOSICIÓN XERAIS**

ARTIGO 1. A presente ordenanza establécese en exercicio da potestade regulamentaria e das competencias que en materia de vivendas, medio ambiente, salubridade pública e subvencións confiren ó Concello a normativa en vigor . Al interpretar su contenido se atenderá expresamente a la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime



local; 6.1 a), Texto Refundido de la Lei Reguladora de las Haciendas Locales (Real Decreto Legislativo 2/2004), Lei Xeral de Subvencións 38/2003, Regulamento de la Ley Xeral de Subvencións R D. 887/2006 , Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia , Regulamento de Servicios das Corporacións Locais , Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Viveiro (BOP de 2 de junio de 2004) e Bases de Execución do Orzamento municipal.

ARTIGO 2. Considérase subvención calquera auxilio directo ou indirecto, susceptible de valoración económica, ou cuantificable en diñeiro, que outorgue a Corporación, ben con medios propios ou mediante convenio de colaboración con outras administracións.

ARTIGO 3. O outorgamento das subvencións aterase a estas normas:

- 1º.- Terá carácter voluntario e eventual, agás o que se dispón nesta ordenanza.
- 2º.- Non serán invocables como precedente.
- 3º.- Non será esixible o seu aumento ou revisión.

ARTIGO 4. Serán nulos os acordos de subvencións que obedezan a mera liberalidade.

ARTIGO 5. As axudas reguladas nesta ordenanza serán compatibles con calquera outras existentes ou que puidesen establecer outras administracións.

CAPÍTULO II OBXECTO

ARTIGO 6. 1.- Serán subvencionables, consonte ó disposto nesta ordenanza, as seguintes actuacións urbanísticas que se efectúen dentro da Área de Rehabilitación Integrada do Casco Antigo de Viveiro:

- a) Rehabilitación de vivendas, edificios ou locais comerciais.
- b) Obras de nova planta, só co obxectivo de que as obras sexan para conseguir as dimensións mínimas de habitabilidade.
- c) Operacións de urbanización e reurbanización.

2.- Para poder acceder ás axudas, haberán de concorre-las seguintes condicións:

2.A.- Requisitos obxectivos:

- a) Ter a vivenda, local ou edificación unha antigüidade superior a 15 anos.
- b) Non atoparse suxeitas a limitacións que impidan o uso previsto, nin estar cualificadas como fóra de ordenación urbanística.

As obras a realizar en edificacións fora de ordenación só se poderán facer labores de conservación e mantemento. Tal e como se establece na Ordenanza de Reformas do PEPRI.

- c) Presentar unha organización espacial e unhas características constructivas que garantan a posibilidade de acadar unhas adecuadas condicións de



habitabilidade das vivendas de acordo coas condicións mínimas de habitabilidade legalmente establecidas, excepto imposibilidade física certificada pola Oficina de Rehabilitación ou técnico competente.

- d) Ter iluminación e ventilación natural.
- e) Que o edificio a rehabilitar dispoña das condicións de seguridade estrutural e constructiva, de condicións suficientes de estanquidade fronte a choiva, de subministración eléctrica e dunha adecuada funcionalidade da rede de saneamento xeral, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

2.B.- Requisitos subxectivos:

- a) Non te-lo solicitante, cónxuxe ou persoa con análoga relación de convivencia, débedas de natureza tributaria en período executivo co Concello ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda o emprego da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario. Para estes efectos, considerarase que o promotor se atopa ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias cando as débedas estean adiadas, fraccionadas ou se tivera acordado a súa suspensión con ocasión da impugnación das correspondentes liquidacións.
- b) Non estar incurso o solicitante, cónxuxe ou persoa con análoga relación de convivencia, en ningún expediente de reversión de subvencións públicas como consecuencia do incumprimento dos fins das axudas concedidas.

No caso de que o solicitante sexa o inquilino, usufrutuário ou arrendatario do ben inmueble, os requisitos subxectivos serán tamén de obrigado cumprimento para o propietario.

ARTIGO 7. 1.- Entenderanse como obras de rehabilitación encamiñadas a obter a adecuación estrutural dun edificio ou local comercial e a habitabilidade dunha vivenda, as seguintes:

- a) Instalacións eléctricas: substitución, renovación, mellora, ampliación ou creación de novos circuitos, incluídos os elementos auxiliares (cadro de contadores e/ou seguridade, bases de enchufe, puntos de luz no teito e/ou parede e circuitos xerais desde a acometida ó edificio) en vivendas ou espazos comúns do edificio (portais, escaleiras, relanzos, etc.).
- b) Instalacións de fontanería: substitución, renovación, mellora, ampliación ou creación de novas conductiones de auga fría e/ou quente, incluídos os elementos accesorios para o seu normal funcionamento, corte e servizo desde a acometida ó edificio, incluso a substitución ou creación do sistema de quentamento da auga.
- c) Instalacións de desaugue e saneamento: substitución, renovación, mellora ou creación de novas conductiones, tanto horizontais como verticais, incluídos os elementos accesorios e a súa conexión coa rede xeral de saneamento.
- d) Instalacións sanitarias: substitución e/ou colocación de elementos sanitarios.
- e) Adecuación de salas húmidas (cociñas e baños); renovación, mellora ou creación de acabados, horizontais e/ou verticais, eliminación de humidades,



protección de elementos estruturais e substitución de elementos de cerramento afectados polas condicións das ditas salas.

- f) Adecentamento de portais e accesos á vivenda: instalacións de porteiro automático, pintura do portal e escaleiras, substitución pavimentos, renovación ou instalación de alumemento, ascensor, ocultamento do cadro de distribución e contadores, substitución ou reparación de portas de acceso.
- g) Os acabados, reparación ou substitución de pisos, falsos teitos, paramentos interiores e carpinterías interiores en mal estado.
- h) As obras de reparación e conservación dos elementos de cubrición existentes nas cubertas que teñan como obxectivo a estanquidade da mesma.
- i) O revocado de fachadas e, en xeral, calquera outra obra tendente á conservación e adecuación das vivendas ás esixencias actuais das edificacións.
- j) Redistribución interior para o cumprimento das condicións mínimas de habitabilidade.

2.- Entenderase como obra nova subvencionable, exclusivamente aquelas que supoñan unha rexeración do tecido urbano.

ARTIGO 8. A execución de calquera das obras protexidas deberá garanti-la súa coherencia técnica e constructiva co estado do edificio e coas restantes obras que puideran realizarse, de xeito que en edificios carentes de condicións de seguridade estrutural e constructiva, de subministración eléctrica, de distribución de auga, dunha adecuada funcionalidade da rede de saneamento xeral e dunha convinte estanqueidade fronte á chuvia, non se protexerá a realización de obras que non inclúan as necesarias para a consecución destas condicións.

CAPÍTULO III PETICIONARIOS

ARTIGO 9. Poderán solicitar estas axudas para as vivendas, locais e edificacións incluídos no ámbito sinalado:

- Os propietarios e usufrutuarios dos mesmos, ocúpenos ou non.
- Os inquilinos ou arrendatarios, con autorización escrita da propiedade.
- As comunidades de propietarios ou veciños con capacidade legal para decidir obras nos elementos comúns dos edificios.
 - Os titulares de vivendas desocupadas cando se comprometan a ocupalas eles mesmos ou a transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou calquera outro xeito legalmente admisible, como residencia habitual e permanente, no prazo máximo de seis meses desde que finalicen as obras. No dito prazo, que poderá ser prorrogado ata un ano por solicitude do interesado cando medie causa debidamente xustificada, non se procederá á liquidación da axuda en tanto non estean efectivamente ocupadas.

Nos supostos de arrendamento .

- Se as obras son promovidas polo arrendatario, deberá presentarse fotocopia de contrato de arrendamento e do convenio entre o propietario e o inquilino no que se faga



constar unha descrición destas e a autorización do propietario para realizalas, cando sexa legalmente esixible.

- Se as obras son promovidas polo propietario do inmovible, deberá presentar o convenio entre este e o inquilino no que se faga constar a súa conformidade coas obras e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do secretario da comunidade de propietarios da acta da reunión en que se designou ao seu presidente e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá presentarse un escrito no que conste a conformidade dos copropietarios coa realización das obras.

CAPÍTULO IV

AXUDAS

ARTIGO 10. As axudas previstas para a rehabilitación estrutúranse nas seguintes modalidades:

- a) Axudas económicas a fondo perdido: Estará integrado polas cantidades que para cada exercicio orzamentario dispoñan o Ministerio de Vivenda e a Consellería de Vivenda e Solo, nos termos do Convenio de Colaboración a asinar entre estas institucións e o Concello de Viveiro.
- b) Subvención equivalente a tributos: O concello establecerá unha subvención equivalente o importe das taxas por licencia de obra e ó imposto sobre construcións, instalacións e obras.

CAPÍTULO V

PROCEDEMENTO

ARTIGO 11. 1.- Dentro dos quince días seguintes a firma do convenio publicaranse as bases da convocatoria para a concesión de subvencións con arranxo ó disposto nesta ordenanza.

2. A convocatoria precisará:
 - a) Obxecto, condicións e finalidade da subvención.
 - b) Determinación de se a concesión se efectúa en réxime de concorrencia competitiva.
 - c) Cantidade total destinada a subvención.
 - d) Importe máximo subvencionable.
 - e) Requisitos específicos para solicita-la subvención.
 - f) Prazo de presentación de peticións.



- g) Prazo de resolución do procedemento.
- h) Criterios específicos de valoración de peticións, ademais dos establecidos no artigo 15.

ARTICULO 12. 1.- Os peticionarios haberán de presentar ante o rexistro xeral da Corporación a seguinte documentación:

1º Instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente, segundo o modelo que se lle facilitará na Oficina de Rehabilitación.

2º Declaración xurada de atoparse ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias municipais, estatais, autonómicas e da Seguridade Social e de que, nun prazo de 45 días presentará os certificados emitidos polas correspondentes administracións.

3º Declaración xurada de non estar incurso en ningún expediente de reversión de subvencións públicas como consecuencia do incumprimento dos fins das axudas concedidas.

4º En caso de que o solicitante non sexa o propietario do ben inmovible, haberá de achegarse a autorización deste, o cal deberá tamén aporta-los documentos referidos cos números 2º e 3º.

2.- As Solicitudes poderanse presentar durante o prazo dun ano.

As solicitudes que non sexan incluídas por esgotarse o número de actuacións ou a consignación orzamentaria do convenio vixente, pasarán a ser incluídas nos convenios seguintes, tendo en conta o número de rexistro de entrada do Concello.

3.- O peticionario deberá solicitar unha visita de inspección técnica previa á solicitude oficial das axudas. A visita será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación, para iso, a edificación deberá contar coas condicións mínimas higiénico-sanitarias e non deberá existir perigo de derrumbe nin de desprendementos.

2.- A Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro facilitará gratuitamente a asistencia técnica e o asesoramento preciso para defini-las obras que o solicitante desexe acometer, e para solventar calquera dúbida que lle poida xurdir ó cumprimenta-la documentación.

ARTIGO 13. A mera presentación dunha solicitude de subvención implica o coñecemento e aceptación desta ordenanza e das bases que regulan a súa concesión, pero non implica a concesión de subvención.

ARTIGO 14. 1.- A Oficina de Rehabilitación realizará o estudio técnico e a valoración das obras para as que se solicitan axudas, consonte o cadro de prezos máximos por unidades de obra establecidos para tal fin, e baixo os criterios de lóxica constructiva, economía de obra e cumprimento das normativas técnicas vixentes, avaliando a prioridade das actuacións e a oportunidade da intervención en relación co estado xeral da edificación, segundo o disposto nesta ordenanza.



A Oficina de Rehabilitación poderá realizar, de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deben outorgarse as axudas.

O alcalde mediante Decreto informará da inclusión na lista de actuacións previstas na Área de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico.

2.- Rematado o trámite de alegacións, no caso de que as houberse, a Oficina de Rehabilitación efectuará proposta de resolución definitiva a Alcaldía estimando as solicitudes ás que se lles outorgara maior valoración, sempre que reúnan os requisitos determinados na convocatoria e ata que se extinga o crédito orzamentario, indicando a súa contía, e os criterios de valoración seguidos para efectua-la.

CAPÍTULO VI

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

ARTIGO 15. 1. Os criterios que se seguirán para a concesión de subvencións, serán os seguintes, por orden decrecente:

- 1º Orde de presentación das solicitudes.
- 2º Actuacións de rehabilitación en vivenda habitual.
- 3º Interés arquitectónico da proposta.
- 4º Eliminación de barreiras arquitectónicas
- 5º Actuacións en edificacións, segundo o grao de protección.
- 6º Actuacións que melloren o aspecto xeral do Casco Histórico, incluíndo as que supoñen melloras de fachada.
- 7º Actuacións en proceso de execución e con proxecto técnico aprobado.

Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contén co visto e praxe da Oficina de Rehabilitación e cun orzamento protexible superior a 1.800 euros por vivenda.

CAPÍTULO VII

OBRIGA DOS BENEFICIARIOS

ARTIGO 16. Os beneficiarios están obrigados a realiza-las actuacións subvencionadas nos prazos establecidos nos acordos de concesión de licenza para o comezo e remate das obras, ou, en caso de seren inferiores, nos prazos que para a vixencia das subvencións sinalen as administracións concedentes.

ARTIGO 17. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que servíu de base para a concesión inicial das axudas. Non se admitirán modificacións na súa execución que as autorizadas a proposta da dirección facultativa pola Oficina de Rehabilitación, e autorizadas pola correspondente licenza urbanística.



ARTIGO 18. Os beneficiarios quedan sometidos ás actuacións de comprobación do órgano concedente e están obrigados a facilitar ó concello canta información lle fose requirida, no seu labor inspector das obras efectuadas.

ARTIGO 19. Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar un cartel en lugar visible desde o exterior, segundo modelo oficial, onde se faga figurar que as mesmas se acollen ás axudas reguladas nesta ordenanza e as distintas Administracións participantes.

ARTIGO 20. Non se autorizan cambios de destino das subvencións concedidas, agás causa xustificada e informe favorable da Oficina de Rehabilitación.

ARTIGO 21. Serán causa de perda das axudas económicas, nas distintas modalidades contempladas nesta ordenanza:

- a) A non adaptación das obras á normativa de planeamento aplicables.
- b) A non execución das obras aprobadas, ou a execución doutras distintas.
- c) O incumprimento dos prazos establecidos para a xustificación dos investimentos.
- d) A obstaculización inxustificada do labor inspector do Concello.
- e) O incumprimento das directrices emanadas da Oficina de Rehabilitación, no caso de ausencia de dirección facultativa.
- f) En xeral, o incumprimento das obrigas e determinacións contidas nesta Ordenanza.

CAPÍTULO VIII XUSTIFICACIÓN E COBRO

ARTIGO 22. 1.- O importe subvencionable aboarase con arranxo ó seguinte procedemento:

- a) Presentación polo beneficiario das facturas ou, no caso de te-la obra director facultativo, das certificacións emitidas por este.
No caso de que o proxecto non estivera redactado pola Oficina de Rehabilitación, presentación do certificado final de obra visado polo Colexio de Aparelladores e Arquitectos.
- b) Visita de Inspección da Oficina de Rehabilitación, e cumplimentación por esta da certificación de obra, segundo a táboa de prezos oficiais aplicable.
- c) Acordo de aprobación outorgado pola Xunta de Goberno, consonte a certificado emitida pola Oficina de Rehabilitación. No suposto de ser necesaria a expedición da licenza de primeira ocupación, achegarase co acordo de aprobación, asinada pola Oficina de Rehabilitación, agás disposición de rango superior contraria.
- d) Certificado de existencia de crédito da Intervención municipal e aportación de certificados de estar ao corrente coa Facenda Pública e a Seguridade Social



nos termos do artigo 12.1.2º. Os certificados aportados serán válidos mentres manteñan a vixencia temporal dos mesmos.

A) DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA

As axudas reflectidas nesta ordenanza consistentes nunha subvención equivalente a tributos, aplicaranse a tódalas actuacións incluídas no Plan de Rehabilitación.

No momento da aprobación definitiva das certificacións da Oficina de Rehabilitación, procederase pola Recaudación Municipal a facer liquidación definitiva, concedendo as bonificacións previstas na Normativa Municipal. Poderase conceder o aprazamento ou fraccionamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

As axudas consistentes en entrega de cantidades a fondo perdido, estruturaránse do seguinte xeito:

Importe das subvencións.

O importe das subvencións virá determinado:

Pola existencia de crédito orzamentario.

Polo porcentaxe de aportación del Ministerio e Consellería sobre o gasto total de rehabilitación de vivendas en cada fase.

Polo aproveitamento máximo das subvencións que conceda o Ministerio e a Xunta de acordo con criterios obxetivos e non arbitrarios. Para calquera orzamento de obras, a subvención con cargo ó Ministerio de Vivenda será como máximo de 8250€ e, con cargo á Consellería de Vivenda e Solo, será de 7250 €

O orzamento protexido nas actuacións de rehabilitación conleva a limitación do custo máximo das obras por metro cadrado útil computable (o total da superficie útil que teñan as vivendas e demais edificacións obxecto de rehabilitación), fixándose no 70% do prezo básico nacional.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor despois de ser aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.”

SEGUNDO.-Dar traslado do presente acordo á Oficina do Casco Antigo para a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles, entendéndose definitivamente aprobada se non se presentaran reclamacións durante a mesma, unha vez publicado o texto íntegro.



TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á oficina do Casco Histórico de Viveiro, así como ao departamento municipal de Intervención.

5º.- PROPOSTA DE INCLUSIÓN DE CLÁUSULA DO IPC NO CONVENIO COA UNED

O Sr. Alcalde expón que se trata dun asunto que se viña arrastrando dende a formalización do Convenio, pois non se contemplaba expresamente esta cláusula.

Despois de que polo Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, se indique que o asunto se tratou na Comisión Informativa de Economía e Facenda e se dictaminou favorablemente; tanto o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, como o Concelleiros do BNG e IU-EU, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño amósanse de acordo coa proposta.

Seguidamente, procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda a aprobar a inclusión da cláusula do IPC no Convenio coa UNED, que dí:

“Estipulación 10º

El Ayuntamiento se obliga a incluir anualmente en sus Presupuesto la partida necesaria para hacer frente a los gastos del Aula acordados en este convenio. Dicha partida se incrementará anualmente, como mínimo, conforme al IPC interanual de noviembre a noviembre.”

Dar traslado do presente acordo á UNED, así como ao departamento de Intervención.

6º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DA FACTURA 2007/2526.

O Sr. Alcalde expón que é unha factura dun gasto por unha emerxencia, xa que cando se derrubou a casa de Díaz Freijo non se impermeabilizou a colindante, polo que había moitas humidades.

Seguidamente, sinala que hai unha advertencia do Sr. Interventor, xa que debido á urxencia con que se acometeu a labor de impermeabilización non se puido tramitar mediante o procedemento negociado preceptivo e se encomendou directamente a construcións “Carmelo”.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do PP que en lugar do Voceiro, intervén a Concelleira, Dª. Raquel Atadell Giz, que dí que están de acordo coa proposta aínda que compre ter en conta a advertencia do Sr. Interventor.

Seguidamente, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, manifesta que se vai abster.

A continuación do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, indica que vai a votar a favor.



Antes da votación, o Sr. Alcalde puntualiza que o problema que tiñan era conseguir que tres empresas fixeran a oferta.

A seguir, procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de dezaséis votos a favor (PS de G-PSOE, PP e IU-EU) e unha abstención, (BNG), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos da factura 2007/2526, por importe de 11.376,09 euros, pola obra de urxencia na rúa Díaz Freijo, núm. 3 de Viveiro, consistente na retirada de cascallo, repicado e enfoscado de muros interior e aplicación de poliuretano en muros interiores “Carmelo, Casas y Obras, S. L.”

SEGUNDO.- Dar traslado ao departamento de Intervención para a súa constancia e tramitación.

7º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE, POR SILENZO ADMINISTRATIVO, DO EXPEDIENTE INSTADO POR D. FRANCISCO ÁLVAREZ MONTERO, PARA ORDENACIÓN DE VOLÚMENES EN CANTARRANA.

Polo Sr. Alcalde expóñense, someramente, as condicións polas que se propón a aprobación deste expediente, refiríndose tamén á ubicación onde se vai desenvolver esta actuación.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que, en canto ao propio estudio de detalle e baseándose nos informes dos servizos e nas disposicións da normativa provisional, di que non o van apoiar; indicando, a seguir, que algúns informes que constan no expediente son extemporáneos.

Seguidamente, os Concelleiros do BNG e IU-EU, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño, indican que o van a votar a favor, sinalando o Concelleiro de IU-EU que os informes do enxeñeiro de outubro e novembro, son favorables.

Obrando no expediente o informe xurídico-administrativo relativo á solicitude de certificación acreditativa de silencio administrativo do estudo de detalle, correspondente ao expediente 8/2005, instado por D. Francisco Álvarez Montero, e constando no mesmo a documentación preceptiva para a tramitación, segundo establecen os artigos 88 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU), e sete en contra (PP), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, acorda:



PRIMEIRO.- Entender aprobado definitivamente, por silencio administrativo, o Estudo de Detalle, promovido por D. FRANCISCO ÁLVAREZ MONTERO, para ordenación de volumes en Cantarrana, redactado polo arquitecto, D. Ramiro Martínez Casado.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao departamento de Obras e Urbanismo ao obxecto de darlle traslado á Consellería competente en materia de Urbanismo, xunto cunha copia autenticada de dous exemplares do estudo de detalle, dilixenciados pola Secretaría, así como a publicación do acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e do documento da normativa e ordenanzas do Estudio de Detalle no Boletín Oficial da Provincia.

8º.- MOCIÓNS DO PP RELATIVAS A:

8.1.- CREACIÓN DE ÁREA RECREATIVA EN SACIDO.

Polo Concelleiro do PP, D. Celestino Valentín García Paz, dáse lectura da moción que, textualmente, dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por parte del Ayuntamiento han sido adquiridas cuatro fincas en la zona de Sacido aledañas al Paseo Marítimo que enlaza Río de Loiba con playa de Sacido, de la parroquia de S. Juan de Covas, dichas fincas tienen en total una superficie aproximada de 1400 m² y cuyas referencias catastrales son respectivamente 1871711PJ1317S0001QS, 1871710PJ1317S0001QS, 1871709PJ1317S0001PS, 1871708PJ1317S0001QS.

La finalidad de la adquisición de estas fincas era precisamente para ubicar en las mismas un pequeño parque o área de descanso adscrita al paseo marítimo antes mencionado.

Es por este motivo por el cual el Grupo Popular Municipal propone al Pleno de la Corporación la aprobación de los siguientes acuerdos:

1º.- Se destinen los mencionados terrenos de Sacido a la creación de un área recreativa.

2º.- Dirigirse a la Dirección General de Costas para que sea esta entidad quien asuma los costes de dicha actuación.

3º.- Destinar las mencionadas parcelas para uso público.”

A continuación, o Sr. Alcalde solicita que se así o considera o grupo do PP, se retire a moción, dado que o proxecto xa está aprobado e o PP non plantexou ningunha modificación; engadindo que se o PP non a retira, o seu grupo vai a votar en contra.



En contestación o Concelleiro do PP citado, sinala que a moción se presenta coa sensibilidade e os intereses dos veciños de Covas que desexan se execute esa actuación. Dí que un proxecto é unha iniciativa e que proxectos hai moitos e obras poucas; polo que o que eles pretenden é dar un pulo a esa actuación. Que na Asociación de Veciños de Covas, da que el mesmo é socio, fíxo referencia a unha conversa co Alcalde e, posteriormente, o 2 de outubro celebrouse unha reunión co Alcalde, Concelleiro e Encargado de Obras. A seguir, lembra que, como consta nas actas da xuntanza de 2 de abril de 2005, na Asociación xa se falou dese asunto, da necesidade de execución das obras do Parque de Covas, a continuación, se pregunta ¿Vainas facer a Dirección Xeral de Costas no ano 2008?, respostando que non figura nas actuacións que se contemplan para executar por ese Organismo na provincia de Lugo, que, non obstante, é menos custosa que outras que figuran nese documento, e volta a pregunta ¿hai prazo?, ¿hai orzamento?.

En contestación, o Sr. Alcalde dí que lle parece ben que apoiem á Asociación Xuntanza, pero que non lle concorda esto coas críticas que tiveron á cesión das carpas do Concello a esa Asociación. Comprometéndose, a seguir, a indicarlle, nun día posterior, a Partida na que se contempla esa actuación e que esa pregunta non a formula o Concelleiro do PP porque non ten capacidade para elo. Que o proxecto está aprobado e que o PP só fixo unha alegación á circulación de vehículos e que outro partido político fixo outra; apuntando, neste intre, o Concelleiro do PP, Sr. García Paz, que foi o BNG.

Continúa o Sr. Alcalde, na súa quenda, sinalando que o debate o dirixe a Alcaldía-presidencia e indicando que este proxecto ten que saír a licitación pública. Neste momento, o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, solicita intervir, aceptándoo o Alcalde-presidente e, a seguir, o citado Voceiro pídelo a Alcaldía que retire a expresión: “falta de capacidade”, ao que o Sr. Alcalde resposta que se refiriu a unha falta de capacidade para formular esa pregunta.

Seguidamente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí que lle parece ben o que se pide polo PP, pero se xa actuación está proxectada

Igualmente, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, exprésase en similares termos que o anterior Concelleiro.

Novamente, polo Sr. Alcalde, se insiste que ao día seguinte se lles facilitará a relación de obras e Partidas Orzamentarias; engadindo que o proxecto se expuxo e o PP fixo as súas alegacións; puntualizándolle o Concelleiro do PP, Sr. García Paz que el non formaba parte desa Corporación, ao que contesta o Sr. Alcalde que estivo no goberno municipal moitos anos, ao o que o mencionado contéstalle que estivo catro anos.

Finalmente, e antes de que se proceda a efectuar a votación, o Sr. Alcalde dí que agora sae o proxecto constructivo e despois a contratación do espigón de Covas, por importe de 2.200.000 euros.



Seguidamente, o Pleno da Corporación, por maioría de dez votos en contra (PS de G-PSOE, BNG e IU.-EU) e sete a favor (PP) acorda rexeitar á dita moción.

8.2.- REXEITAR O CANON DIXITAL.

Polo Concelleiro do PP, D. Celestino Valentín García Paz, dáse lectura da moción que, textualmente, dí:

“Con motivo da publicación e entrada en vigor dos novos Canons Dixitais que teñen a súa orixe no Art. 25 da Lei de Propiedade Intelectual (LPI), ante o evidente prexuízo á totalidade dos usuarios e consumidores, cidadáns todos eles, que esta medida representa e constatando:

1.- Que este Canon grava indiscriminadamente a **TODOS OS CIDADÁNS**, só polo feito de ser sospeitosos de poder realizar unha copia dunha obra suxeita a propiedade intelectual.

2.- Que este Canon grava igual de indiscriminadamente a calquera usuario da tecnoloxía, desde os xulgados aos estudantes, pasando polos fotógrafos e os fabricantes de software, imponse tamén ao material escolar, aos elementos que necesitan as nosas empresas, comerciantes e profesionais forzosamente para traballar, e esténdese a todas as actividades que utilicen dispositivos electrónicos.

Ata este propio Concello queda afectado, converténdose noutra carga máis que deben soportar a cambio de nada, os nosos vecinos e veciñas.

3. – Que estamos fronte a un imposto de carácter xeral a favor de determinadas persoas privadas, sen ningún tipo de control por parte do Estado, e que encarece ata un corenta por cento os produtos tecnolóxicos. O Canon nada ten que ver coa piratería, aínda que, interesadamente, as Entidade de Xestión quixeron mesturar ambos os conceptos.

4.- Que dito canon está recadando ata polas obras de autores e creadores non representados polas entidades de xestión aínda que eles non entran na repartición do recadado.

Fronte a esta anómala situación, cidadáns, empresas, asociacións culturais, deportivas, de defensa dos usuarios, institutos, concellos, sindicatos e patronais, sen distinción de opción política, credo, idade ou nacionalidade, agrupáronse na plataforma **TODOS CONTRA O CANON**.

Por todas estas razóns propónse a adopción do seguinte **ACORDO**

O Concello de Viveiro, como representante de todos os seus vecinos e veciñas, mostra a súa adhesión á **PLATAFORMA TODOS CONTRA O CANON**, apoiando a quen actúan en defensa de toda a cidadanía e insta ao Goberno para que proceda a derogación Do Art. 25 da LPI.”



Intervén o Sr. Alcalde para dicir que xa contestaron as urnas no proceso electoral das lexislativas xerais, xa que foi un dos temas a debate, e aconsellándolle que retiren a palabra “canon” porque o que se trata é de defender a propiedade intelectual e se fan unhas afirmacións a que non se axustan á verdade e que o seu grupo vai rexeitar a mencionada moción.

A seguir, intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que manifesta que cren que a maioría dos afectados por esta medida, son a xente de a pé que compra CD virxes e dí que o primeiro que o aplicou foi o goberno do PP, pero que a moción presentanda tampouco propón outra alternativa, e que o seu grupo amósase favorable a realizar modificacións lexislativas nesta materia durante a próxima lexislatura, polo que a posición do seu grupo é a abstención.

A continuación, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, intervén para dicir que vai a votar en contra.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por maioría de nove votos en contra (PSdeG-PSOE e IU-EU), sete votos a favor (PP), e unha abstención (BNG), acorda rexeitar a dita moción.

8.3.- DEMANDAR O CUMPRIMENTO DA LEI POSTAL 24/1998.

En lugar do voceiro do PP, o concelleiro D. Celestino Valentín García Paz da lectura moción.

O Sr. Alcalde-presidente dí que van a apoiar a proposta do PP, aínda que indica que todas as directivas comunitarias que se citan se aprobaran en tempos do PP, pero que non poden esquecer que este asunto afecta especialmente a Galicia.

Seguidamente o concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta sinala que tamén van a apoiar a moción e que esa lei obedece a criterios economicistas.

Finalmente o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño dí que vai a votar a favor sinalando ao voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias que “nesto tivo moito que ver o voso xefe, Núñez Feijoo”; contestándolle o voceiro do PP que D. Alberto Núñez Feijoo foi o único que en Correos non tivo movemento sindical.

Efectúase a votación, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros (17), acorda aprobar a moción do PP, que transcrita literalmente, dí:

“Exposición de Motivos

Os servizos postais en Galicia son un servizo público de interese primordial, constituíndo un elemento básico para o desenvolvemento económico e tamén para a vertebración e a cohesión social. Polo tanto, todos os/as cidadáns independentemente do lugar en que vivan deben ter garantido o acceso a unhas comunicacións postais asequibles, baixo o principio de igualdade de trato establecido pola norma.

Sen embargo, o Ministerio de Fomento aprobou o Real Decreto 503/2007 de 20 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 1329/1999 de 3 de decembro, polo cual se regula a prestación dos servizos postais en desenvolvemento do establecido na Lei



24/1998, de 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberación dos servizos postais.

A modificación afecta os artigos 37, 45 e 47.

Respecto ao artigo 37 a nova redacción fai referencia a entrega de envíos postais nos denominados “entornos especiais” ou cando concurran circunstancias ou condicións excepcionais. Nos “entornos especiais” a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de **buzóns individuais non domiciliarios e de casilleiros concentrados pluridomiciliarios**. Terán consideración de entornos especiais aquelas vivendas illadas ou situadas en entornos calificados como diseminados e estén situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada polos servizos públicos.

No caso anteriormente citado, o reparto realizarase mediante buzóns individuais ubicados nun determinado punto, e o operador encargado da prestación do servizo postal universal poderá acordar cos representantes dos veciños, concellos e usuarios en xeral a proxección, construción e mantemento da instalación, así como a propia ubicación e financiamento da mesma e no caso de non atoparse a instalación en condicións de uso adecuadas facilitarase a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima.

Temos que ter en conta que Galicia é, sen dúbida, unha rexión significativamente rural – definición da C.E. – xa que o 34,87% da poboación vive en municipios rurais, cunha elevada dispersión, con 30.000 entidades de poboación –case que unha media de 100 entidades por concello- representando o 88,47% do territorio galego e o 50% do territorio nacional.. A aplicación deste Decreto vai deixar a moitos núcleos de poboación nunha situación de desigualdade e de discriminación negativa con respecto a outros lugares do noso país, creando con elo un grave prexuízo ó rural galego xa de antemán prexudicado pola súa dispersión, despoboación e envellementamento.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte Moción

O Concello de Viveiro insta á Xunta de Galicia a:

1. Que se dirixa ao Ministerio de Fomento e á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos para demandar o cumprimento da Lei Postal 24/1998 nos seus artigos 15 e 17.2 que fai referencia a obriga de prestar os servizos de xiro, cartas, tarxetas postais e entregalos na dirección postal de cada persoa física ou xurídica, todos os días laborables e, como mínimo, cinco días á semana.
2. Asemade, a Directiva Comunitaria 97/67, no seu artigo 3 apartado 1,2 e 3 ratifica o anterior e ademais considera que se debe ofertar un servizo de calidade de forma permanente en todos os puntos do territorio, a prezos asequibles para todos os usuarios; dando así cumprimento ao principio de igualdade de trato establecido pola norma.



3. Que se dirixa ao Ministerio de Fomento para que paralice a través do Regulador Postal Español e concesión a Correos de “entornos especiais”, mentres non se aprobe a nova Directiva Comunitaria e, polo tanto, a nova Lei Postal de Adaptación, tendo en conta no seu momento a dispersión xeográfica de Galicia.”

9º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A POSTA EN MARCHA DO OBRADOIRO AFECTIVO-SEXUAL PARA A MOCIDADE E PROMOCIÓN DE OBRADOIROS DE IGUALDADE NAS ESCOLAS.

Polo Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta dáse lectura da moción.

Polo voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor indícase que o van a votar a favor aínda que xa se realizan accións en ese sentido.

Seguidamente o voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias dí que o seu grupo vai votar a favor, xa que todo o que sexa dí a favor da muller ou de iniciativas de ese tipo están de acordo coas actuacións do Concello.

Despois de que o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño se manifeste conforme, procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros (dezasete) acorda aprobar a moción do BNG, que transcrita textualmente dí:

“8 de marzo “Día Internacional das Mulleres “ AVANZANDO NOS DEREITOS DAS MULLERES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo celébrase o Día Internacional das Mulleres, e con esta conmemoración o conxunto da sociedade lembra os avances que as mulleres conseguiron grazas a súa organización e loita ao longo da historia. Así mesmo, reafirmase o compromiso de continuar este avance e non retroceder nas conquistas acadadas para a construción dunha sociedade baseada na igualdade.

Hoxe máis que nunca o BNG, considera que segue a ser necesario o compromiso para a reclamación dos dereitos das mulleres e para a conquista daqueles que aínda están pendentes..

As mulleres e os homes non imos consentir que se impoñan actitudes políticas que freen a construción dunha sociedade igualitaria, nin que as mulleres non teñan garantidos os seus dereitos de cidadanía en pé de igualdade cos homes.

As tentativas reaccionarias de recortar o avance dos dereitos das mulleres e o incumprimento dos compromisos adquiridos en medidas reclamadas pola sociedade, fan xa que logo máis necesario o compromiso das forzas políticas que aspiramos a construír unha sociedade libre en que todas as mulleres poidan decidir sen tutelas de ninguén.



As políticas para a igualdade real que se están a desenvolver desde o Goberno galego, fai necesaria a contribución dos concellos, desde a administración local para non retroceder nos dereitos adquiridos pola loita das mulleres para avanzar nos que faltan por conquistar e para complementar con actuacións municipais que promovan a igualdade nas escolas e entre a mocidade.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Solicitar da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade a través da Rede de Centros Quérote a posta en marcha dun obradoiro efectivo-sexual para a mocidade do concello.**
- 2. Promover obradoiros de igualdade nas escolas.”**

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COA SOLICITUD INSTADA POR “VESTAS NACELLES SPAIN, S.A.U.”

Polo Sr. Alcalde se indica que no expediente da Sesión hai unha proposta da Alcaldía. Que na data de 14 de agosto de 1997 asinouse, polo entón Alcalde, un Convenio que o Pleno da Corporación aprobou no mes de setembro seguinte, que recollía como cesión á empresa MICON EÓLICA S.A. 21.000 m2 de terreos en Chavín, terreos dos que dí aínda non se dispoñía. Que o Pleno no ano 2000 aprobou a agrupación das parcelas.. Continúa dicindo que coa chegada do bipartito o Grupo de goberno tivo varias reunións coa Empresa, que no 2007 solicita se escrituren os terreos a nome desta. A seguir sinala que se fixeron polo Concello os trámites de segregación cunha servidume de paso para a Escola Taller, aínda que dí que hoxe o solo é de carácter industrial. Que feita pola Alcaldía solicitude á Secretaria municipal de informe xurídico sobre este asunto indícanse, entre outros, os seguintes aspectos que pasa a ler:“... por todo lo expuesto y de la lectura del acuerdo entre el Sr. Alcalde y NEG MICON S.A. en agosto de 1997 la que suscribe estima, que a los efectos de su consideración como negocio jurídico, podría tratarse de una compraventa con pago aplazado entre la empresa MICON EÓLICA S.A. y el Ayuntamiento de Viveiro sujeta por tanto a la condición suspensiva del pago anual de seis mil Euros y al abono de doscientos cuarenta mil euros al transcurso de treinta años...Que es preciso que los corporativos tengan en cuenta que solamente restaría un año-septiembre de 2009- para que transcurran los doce (período no inferior a doce años) que figura en el punto Quinto del acuerdo, relativo al compromiso de crear y mantener los cincuenta puestos de trabajo”.

Finalmente o Alcalde dí que na súa proposta recolle, dadas as dúbidas sobre a clase de negocio xurídico, solicitude de informe ao Consello Consultivo de Galicia.

Seguidamente, intervén o voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor que sinala, que habería que negociar coa Empresa para o mantemento dos postos de traballo.



Intervén, a continuación, o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias que expón que o que lles preocupa é o asunto dos postos de traballo máis que o tema urbanístico. Que non é momento, consideran, de entrar no debate sobre o contido do acordo de agosto de 1997. Que tamén poderían rebatir o informe de Secretaría. Que van votar a favor da proposta da Alcaldía porque entenden que o interese é o mantemento dos postos de traballo que di se atopa por enriba de calesquera outras diverxencias que poidera haber.

Finalmente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño que sinala que a todos lles preocupan os postos de traballo.

Antes de efectuar a votación, o Sr. Alcalde indica que vai facer dúas puntualizacións, que son as seguintes:

- Que asume o reto de que se trata dun tema por enriba dos intereses dos Partidos, polo que a Xunta de Voceiros do Concello estará no asunto para facer reunións coa Empresa.
- - Que xa se eliminou unha quenda de traballo pola Empresa, antes de que se incluíra o asunto na orden do día e de calqueira conversa sobre o tema.
-

Efectúase a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar a proposta da Alcaldía, que textualmente dí:

“PROPUESTA DE ESTA ALCALDÍA EN RELACIÓN CON LA SOLICITUD INSTADA POR “VESTAS NACELLES SPAIN, SAU”.

En fecha 14 de agosto de mil novecientos noventa y siete se celebró entre este Ayuntamiento y la empresa “Micon Eólica , S. A.” el contrato que a continuación se transcribe:

“En Viveiro a día catorce de agosto de mil novecientos noventa y siete

REUNIDOS:

De una parte: D. César Aja Mariño, Alcalde-Presidente del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro.

Y de otra: D. Mogens Hald, en representación de la empresa “Micon Eólica, S.A.” .

MANIFESTAN:

- A) Que la empresa “MICON EÓLICA, S. A.” está interesada en instalar en el municipio de Viveiro, una fábrica para construcción y ensamblaje de aerogeneradores, así como cualquier otra actividad empresarial-industrial que en el futuro se pueda generar.
- B) Dado el interés que el Ayuntamiento de Viveiro tiene en la instalación de industrias en su Municipio y, en aras a colaborar con las empresas interesadas, a tal efecto.



ACUERDAN:

Primero: Que el Ayuntamiento de Viveiro proporcionaría los terrenos necesarios situados en la parroquia de Chavín, a la empresa “MICON EÓLICA, S.A.”, en una superficie aproximada de 21.000 m². tal y como se indica en plano adjunto a este Convenio.

Segundo: El Ayuntamiento de Viveiro percibiría un alquiler por los citados terrenos de 1.000.000 ptas. al año, pagaderas antes del 15 de junio de cada año, comenzando a partir de 1998 y por un período de 30 años.

Tercero: Una vez transcurridos los 30 años, por parte de la empresa “MICON EÓLICA, S.A.” se procederá a abonar al Excmo. Ayuntamiento de Viveiro la cantidad de 40.000.000 ptas. (cuarenta millones de pesetas), o bien su correspondencia en Euros y dólares americanos según valoración del Banco de España o equivalente en dólares.

Cuarto: El Ayuntamiento de Viveiro subvencionará a la empresa “MICON EÓLICA, S.A.” en un importe igual al 2% por licencia de obra de sus instalaciones, previa justificación del cumplimiento de los requisitos exigidos en la Ordenanza reguladora de subvenciones.

Quinto.- La empresa “MICON EÓLICA, S.A.” se compromete a la creación de un número aproximado de cincuenta puestos de trabajo, por un período no inferior a 12 años, en la medida que sea posible para la citada empresa.

Sexto: Una vez que el Excmo. Ayuntamiento de Viveiro haya adquirido todas las parcelas a los propietarios actuales, éste se compromete a escriturar a nombre de la empresa “MICON EÓLICA, S. A.”, en los términos expresados en este Convenio y, una vez agregadas las parcelas en una única.

Séptimo: Los gastos de escritura y demás impuestos que deriven de la transmisión del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro a la empresa “MICON EÓLICA, S. A.” serán los establecidos por la Ley entre vendedor y comprador.

Octavo: Una vez que la empresa “MICON EÓLICA, S. A.” de conformidad a este Convenio se procederá a aprobar el mismo por el Pleno de la Corporación, a partir de cuyo acto se pondrán a disposición de la empresa los mencionados terrenos para su aceptación, autorización expresada en las opciones de compra.

Noveno: Dadas las complejidades administrativas que han de cumplirse hasta que por parte del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro puedan escriturarse los terrenos a nombre de la empresa “MICON EÓLICA, S. A.” no se fija plazo para la misma, si bien se procurará por todos los medios el que se realice en el primer semestre de 1998. Aunque ello no retrasa en absoluto el comienzo de las obras, dada la autorización expresa de los actuales propietarios, como se indicó anteriormente.



Y en prueba de conformidad, firman el presente en Viveiro en la fecha arriba indicada.

EL ALCALDE DE VIVEIRO

Fdo.: César Aja Mariño

POR LA EMPRESA “MICON EÓLICA, S.A.”

Fdo.: Mogens Hald.”

El Pleno del Ayuntamiento de Viveiro, en sesión extraordinaria, de fecha dos de septiembre de mil novecientos noventa y siete aprobó, por unanimidad, de todos los miembros presentes (quince) lo que sigue:

“Primero.- Aprobar el documento de cesión de 21.000 m2. de terreno, en la parroquia de Chavín a la empresa “MICON EÓLICA, S. A.” para la construcción y ensamblaje de aereogeneradores, en todas sus cláusulas y con las condiciones de la creación de cincuenta puestos de trabajo, aproximadamente, el abono anual al Concello de un millón de puestos de trabajo, aproximadamente, el abono anual al Concello de un millón de pesetas durante treinta años. Transcurrido este período la empresa habrá de pagar cuarenta millones más.

Segundo.- Facultar al Sr. Alcalde para la firma del referido documento.

Tercero.- Dar cuenta a la empresa del acuerdo, así como a los departamentos de Obras y Urbanismo e Intervención.”

El Pleno del Ayuntamiento de Viveiro, en sesión ordinaria, de fecha treinta de marzo de dos mil uno acordó, por unanimidad, de los miembros presentes, lo que sigue:

“8.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DE LA AGRUPACIÓN DE FINCAS DE TITULARIDAD MUNICIPAL SITUADAS EN CALVOSO-CHAVÍN.

Abre el debate del asunto el Sr. Alcalde, César Aja, explicando que lo que se propone es agrupar las fincas donde están la Escuela Taller y las que ocupa Neg Micon. Una vez agrupadas, se segregarán en dos: una finca con los terrenos de la Escuela y la otra con los de Neg Micon.

...

Sin más intervenciones, el Pleno del Ayuntamiento, por unanimidad, de los miembros presentes acuerda

Primero.- Agrupar en escritura pública los terrenos de propiedad municipal situados en Chavín, donde se sitúan la Escuela Taller y la empresa Neg-Micon.

Segundo.- Facultar al Sr. Alcalde para el otorgamiento del dicho documento.”



Vistos los antecedentes que obran en este escrito, esta Alcaldía propone al Pleno tome los siguientes acuerdos:

Primeiro.- Ante las dudas legales sobre la tramitación del expediente y la clase de negocio jurídico con la que nos encontramos, solicitar al Concello Consultivo da Xunta de Galicia informe al respecto.

Segundo.- Tras la emisión del dictamen requerido en el punto 1 de este acuerdo, proceder en virtud del mismo con todas las garantías legales.

11º.- APROBACIÓN DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DO CASCO HISTÓRICO.

Polo voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor se expon o asunto indicando que no ano 2007 esa Asociación non percibiu a cantidade á que se comprometeran polo que se incluírá no orzamento do 2008.

Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, se manifesta que a proposta ten a circunstancia de que afecta a un sector, dí, importante da vida económica de Viveiro polo que redundaría en benefizo da economía do Municipio. Solicitando a seguir que se faga un control pola Comisión Informativa dos pagamentos que se realicen ou promovan para os colectivos de Viveiro.

O Concelleiro do BNG, intervén dicindo que no ano 2007 non se asinou o Convenio polo que non se puido facer o aboamento das cantidades.

Finalmente, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño sinala que vai votar en contra porque a Asociación de Comerciantes como xa dixo noutras ocasións ten un ánimo de lucro polo que non se pode compara, dí, con outras que perciben axudas similares. Que son 62.000 € e non sabe si o Concello se atopa en condicións de dar semellantes cantidades. Que cre que hai prioridades.

En contestación o Sr. Alcalde dí que é esta unha discusión que xa se tivo noutras sesións. Que a Asociación promove o Comercio de Viveiro. Que polo que se refire á petición do PP para dar maior transparencia, ademáis das Comisións Informativas se dará conta nas Xuntas de Voceiros.

Neste intre o Concelleiro de IU-EU indica que cre que algunhas asociacións sen ánimo de lucro non percibiron axudas; ao que o Voceiro do PS de G-PSOE, Sr. Fernández Amor opon que en ocasións o Interventor require documentación que non é aportada; como quera que o Concelleiro de IU-EU, insistera na súa afirmación, interven o Sr. Alcalde que puntualiza que as asociacións que cumpren os requisitos perciben as axudas.

O Voceiro do PP, Sr. Leal Arias solicita intervir brevemente, o que é autorizado pola Alcaldía, para dicir que considera moi grave acusar a unha Asociación como o fixo o concelleiro de IU-EU cando asevera que ten ánimo de lucro. Que entende hai que ser máis considerado; ao que o concelleiro de IU-EU resposta que esa Asociación pretende mellorar economicamente ela, non os seus traballadores e clientes.



Efectúase a votación e o Pleno da Corporación por maioría de dezaséis votos (PS de G-PSOE, PP e BNG) e un voto en contra (IU-EU) , acorda aprobar a proposta da Concellería de facenda que contén o Convenio de colaboración entre o Concello de Viveiro e a asociación Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro.

Dáse traslado do acordo e texto do Convenio dilixenciado por Secretaría ao departamento de Intervención municipal.

**12º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DENOMINACIÓN DE RÚA
CO NOME RUA 10 DE MARZO.**

Polo Sr. alcalde ponse de manifesto o contido da súa proposta.

Non se producen intervencións e o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros (dezasete) acorda, aprobar a proposta da alcaldía que dí:

“O Día da Clase Obreira Galega celébrase cada 10 de marzo dende que ese mesmo día de 1972 a policía franquista asasinara en Ferrol aos militantes de CC.OO. Amador Rey e Daniel Niebla, que se manifestaban reclamando as liberdades democráticas, o autogoberno para Galicia e o asinamento dun convenio colectivo na súa empresa (Bazán), co obxectivo de mellorar as condicións de traballo e calidade de vida dos traballadores e traballadoras.

A importancia deste día fixo que o Parlamento galego, aprobara, por unanimidade, o 5 de marzo de 1997 unha declaración institucional sobre o 10 de marzo na que se recoñecía o significado histórico desta data. Rematou o ano 2006 coa declaración oficial do 10 de marzo como Día da Clase Obreira Galega.

Por todo isto, propónse ao Pleno do Excmo. Concello a adopción do seguinte acordo.

PRIMERO.- Denominar a rúa seguinte á Porta de Carlos V, que vai dende a Avenida de Galicia ata a Praza Maior, co nome “rúa 10 de marzo (Día da Clase Obreira Galega).”

Comuníquese o acordo á funcionaria encargada da Oficina de Estatística..

13º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezate) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Alcalde se indica que necesita facer un receso de dez minutos ao que o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias dí que si os integrantes da Corporación se atopan de acordo poderían deixar este punto para a próxima sesión xa que as preguntas que o seu Grupo ten formuladas por escrito non teñen inconveniente en que se traten na sesión plenaria seguinte.



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

Nin polo Sr. Alcalde-presidente nin polos outros concelleiros se amosa oposición á proposta, manifestándose conformes co que queden sobre a mesa para unha seguinte sesión.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.